

## “ENTÉRATE, A CIENCIA TAMÉN É CULTURA” UN EDUBLOG PARTICIPATIVO COMO ESTRATEXIA DO ENSINO-APRENDIZAXE DAS CIENCIAS

**ESCUDERO CID, María**

*Universidad de Huelva*

**DAPÍA CONDE, María D.**

*Facultade de Ciencias da Educación*

**ESCUDERO CID, Ricardo**

*Universidade Autónoma de Madrid*

**CID MANZANO, Carmen**

*IES Otero Pedrayo de Ourense*

### INTRODUCCIÓN

No curso escolar 2008/09 empezouse a impartir en 1º de Bacharelato a materia *Ciencias para o Mundo Contemporáneo* (CMC). En Galicia, a orde responsable do currículo desta nova materia (Decreto, 126/2008) establece nos seus alicerces o desenvolvemento de capacidades acordos cos que defenden unha educación científica para a acción social baseándose na idea de alfabetización científica e respondendo á orientación CTSA (ciencia, tecnoloxía, sociedade e ambiente). Afortunadamente, son xa moitas as iniciativas que se están a dar para concretar os diferentes elementos curriculares desta materia (FECYT-ISFP, 2008; Escudero *et al*, 2008; Solbes, 2009; Facultade de Ciencias-Universidade de Navarra, 2011). Sen embargo, a amplitude dos contidos e a incapacidade de traballalos no tempo establecido (dúas horas semanais) están dificultando a súa aplicación real nas aulas. Faise, daquela, necesaria a incorporación de metodoloxías dinámicas e colaborativas que rachen as barreiras espazo-temporais e favorezan a autoaprendizaxe.

Moitos son os autores que salientan a necesidade de incorporar ao ensino as novas tecnoloxías, sobre todo algunhas ferramentas nadas ao abeiro de internet, tal é o caso dos *blogs* (González *et al*, 2011; Durán, 2011). O docente ha de deixar de ser un mero instrutor para converterse nun mediador fomentando nos estudantes a capacidade de xestionar de maneira autónoma a súa propia aprendizaxe (González *et al*, 2011).

### DESCRIBIÓN DA EXPERIENCIA

No marco dunha investigación-acción presentamos a actual comunicación onde se analiza o uso dun *edublog* como ferramenta de traballo na materia de *Ciencias para o Mundo Contemporáneo* (CMC) de 1º de bacharelato do IES Otero Pedrayo de Ourense nos tres últimos cursos, amosando os resultados da avaliación a partir das estatísticas aportadas por *Blogger* e un cuestionario entregado aos estudantes xunto coas impresións da profesora.

*Entérate, a ciencia tamén é cultura* é un *edublog* participativo, preferentemente de alumnos, que recibe tamén a colaboración esporádica doutros docentes e científicos ademais do alumnado do Máster de secundaria. O *blog* inclúe tamén tarefas realizadas polo alumnado e elementos multimedia que pretenden ampliar os contidos académicos e completar as explicacións da docente.

Os seus obxectivos son:

- Informar sobre as principais novidades científicas.
- Relacionar os contidos de aula coa realidade da ciencia.
- Recoller todos os eventos sobre ciencia que teñan lugar no centro.
- Ampliar os contidos académicos e completar as explicacións da profesora.
- Facer máis atractivo o estudo da ciencia aumentando deste xeito a motivación dos estudantes.
- Acadar un maior protagonismo e responsabilidade do alumnado no proceso de aprendizaxe.
- Axudar aos estudantes a decatarse das conexións existentes entre a ciencia e o entorno social e ambiental.

Despois de tres cursos, o *edublog* segue a funcionar cunha media de usuarios de 65 estudantes por curso (20 editores de post e 45 lectores) e 1 profesora. O nº de vistas a 10 de outubro de 2013 é de 52 556.

## CONCLUÍNDO

A alfabetización científica é un dos retos das CMC mais os atrancos que atopa a docente que imparte esta materia formulan o interese e a necesidade da utilización de actividades que dinamicen o seu desenvolvemento. A experiencia presentada propón a incorporación e uso dos *blogs*, transmitindo ao alumnado os avances científico-tecnolóxicos de forma amena, desenvolvendo o espírito crítico e reflexivo, contribuíndo á participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe (*Caamaño e Pontanilla, 2011*).

Temos sinalado que a súa utilización é moi satisfactoria para os estudantes, tanto na actualización do coñecemento (relacionado coa ciencia), como no desenvolvemento da materia (facilitando a súa aprendizaxe) e, en menor medida, na comunicación interpersoal.

A conveniencia da utilización dos *blog* pode significar un gran paso á hora de superar algúns atrancos que arrastra o ensino en xeral e as ciencias en particular: falta de motivación por parte do alumnado, ensino pasivo e centrado na aprendizaxe de coñecementos teóricos descontextualizados e, divorcio entre ciencia, tecnoloxía, sociedade e medio ambiente

## BIBLIOGRAFÍA

- Decreto 126/2008, do 19 de xuño, no que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato en Galicia (DOG de 23 de xuño de 2008).
- Durán, J.F. La contribución del Edublog como estrategia didáctica. *Electronic Journal of Research in Educational Psychology*, 2011, V.9, n 1, pp 331-356.
- Escudero, M; Cid, C. y Escudero, R. La controversia de los agrocombustibles, una propuesta didáctica para las ciencias para el mundo contemporáneo. *Rev. Eureka Enseñ. Divul. Cien.* 2008, V.6, n.1, pp 131-139.
- Facultade de Ciencias-Universidade de Navarra [en línea] *Ciencias para el mundo contemporáneo. Recursos para profesores*, 2011  
<http://www.unav.es/acienciacierta/cmc/>
- FECYT-ISFP [en línea] *Ciencias para el Mundo Contemporáneo. Aproximaciones didácticas.* (2008)  
<<http://www.fecyt.es/fecyt/seleccionarMenu3.do?strRutaNivel3=;SalaPrensa;publicaciones;guiasymanuales&strRutaNivel2=;SalaPrensa;publicaciones&strRutaNivel1=;SalaPrensa&tc=publicaciones>>
- González Sánchez, R. García Muiña, F.E y Gonzalo Hevia, N. La creación de una comunidad virtual de aprendizaje a través de los edublogs, [en línea] *Relada*, 2011, n.5, pp.1-13. [www.uem.es/myfiles/pageposts/jiu/jiu2010/pdf/9c.pdf](http://www.uem.es/myfiles/pageposts/jiu/jiu2010/pdf/9c.pdf)
- Solbes, J. (2009). Simposio CTSA en el siglo XXI. [en línea] *Enseñanza de las Ciencias*, 2009. pp. 1433-1434. <http://ensciencias.uab.es/congreso09/numeroextra/art-1433-1434.pdf>